

**SOLICITUDE DE ACTIVIDADES ASISTIDAS POLO EQUIPO DE USO PÚBLICO
PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA****DATOS DO SOLICITANTE**

Solicitante (Entidade, persoa, ...)

Enderezo

Concello

Localidade

Código postal

Provincia

Correo electrónico

Teléfono

Persoa de contacto

DATOS DA ACTIVIDADE QUE SOLICITA

Participantes

Nº asistentes

Idades aproximadas

Colectivo escolar/social/profesional

Observacións particulares sobre asistentes (necesidades especiais)

Tipo de actividade que solicita

☐ Charla☐ Ruta guiada☐ Exposicións☐ Outros, comentar:

Lugar da actividade:

Se ten interese nalgunha temática concreta, indíquea:

Materiais dispoñibles (no caso de charlas, exposicións, ...)

Previsión de datas

Indique as súas datas preferentes. Teña en conta que si nos indica varias datas será máis sinxelo adaptar a data de realización da actividade ás súas preferencias (formato dd/mm/aaaa):

1		2		3		4	
5		6		7		8	

Horario

Indique os horarios preferentes para o comezo da actividade (formato hh:mm):

1		2		3	
---	----------------------	---	----------------------	---	----------------------

Xestión polo Parque Nacional - Área de Uso Público (a cubrir polo PN)

Lugar e data

 , de de

Sinatura

SOLICITUDE DE ACTIVIDADES ASISTIDAS POLO EQUIPO DE USO PÚBLICO DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas é, actualmente, o único espazo natural co maior grado de protección na Comunidade Autónoma de Galicia. Os seus valores, naturais e culturais, materiais e inmateriais, son obxecto de conservación e isto é tarefa de todos. Coñecer este privilexiado entorno é básico para facelo ben.

Neste senso, o Parque Nacional traballa na divulgación destes valores e tenta colaborar con aquelas iniciativas que teñan o mesmo interese, para o cal conta cun servizo de guías e outros recursos que se poden concertar.

Para poder xestionar eficazmente as actividades que soliciten servizo do Parque Nacional con garantía de calidade, será preciso cumprimentar o modelo anexo e ter en conta as seguintes condicións: O servizo de asistencia polo equipo de uso público do Parque Nacional realizarase, preferentemente, dende principios de outubro ata o 30 de abril, con exclusión da Semana Santa.

- Deberase solicitar a actividade a asistir cun prazo de antelación mínimo de 10 días. Na solicitude (formulario que se adxunta) deberá indicar os seguintes datos: entidade solicitante (*non se admitirán solicitudes de empresas ou entidades con ánimo de lucro*), tipo de actividade e se ten interese nalgún tema relacionado co parque, data/s da actividade, lugar de realización, horario e características do colectivo ao que se dirixe a actividade: nº de participantes, idade, grupo social ou profesional, observacións específicas.
- É conveniente propoñer máis dunha data para a actividade a realizar, para unha maior flexibilidade na procura de asistencia do persoal do parque (pois hai períodos moi solicitados); sobre todo no caso de rutas guiadas nas illas do parque.
- Pódese remitir a solicitude por correo electrónico: iatlanticas@xunta.gal, por Fax: 886 21 80 94 ou por correo ordinario ás oficinas do Parque Nacional, na dirección que figura ao pé da solicitude.
- O equipo de uso público do Parque Nacional porase en contacto cos solicitantes nos días seguintes á recepción da solicitude (prazo aprox. de 5-6 días) para a súa confirmación, que dependerá da dispoñibilidade de persoal para a asistencia. Dependendo da actividade proposta poderán precisarse algún recursos materiais ou humanos, dos que se falará nesta comunicación.
- No caso de que o persoal do parque asista a actividade solicitada, deberán confirmarse de novo os datos enviados na solicitude no día ou dous días anteriores á data fixada para a actividade.

Consideracións a ter en conta nas visitas ás illas do Parque:

Tendo en conta que o desprazamento ás illas do Parque é obrigatoriamente mediante embarcación, as condicións do mar serán determinantes para poder realizar as actividades solicitadas nestes territorios. Caso de non poder facerse ditas actividades solicitadas por mor das condicións meteorolóxicas (as navieras tamén se reservan este dereito de anulación das viaxes), o persoal do Parque porase en contacto co solicitante para comunicarllo e estudar posibles alternativas. O transporte ás illas será sempre a cargo da entidade solicitante.

É importante que no caso destas actividades nas illas, se comunique ao persoal do Parque calquera condición particular dos asistentes que poida necesitar unha atención especial. Caso de precisar asistencia médica particular, o responsable da visita deberá prover este servizo.